



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. DAVID BROCOS VIEIRO
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA O PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (27/04/2022)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día vinte e sete de abril de dous mil vinte e dous que se aproba por unanimidade.

2º.- Toma de posesión de don David Brocos Vieiro como concelleiro da corporación por renuncia de don José A. Pose Rodríguez, do Grupo Municipal do BNG.

Vista a credencial de concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central con data 10 de maio, recibida no Concello, a favor de don David Brocos Vieiro, en substitución de don José Antonio Pose Rodríguez, por renuncia do mesmo ao citado cargo.

Visto que polo interesado se presentou a preceptiva declaración sobre causas de posibles incompatibilidades e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais, de conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade ou impedimento.

Logo de prestar promesa segundo o disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, toma posesión do seu cargo como concelleiro do



Grupo Municipal do BNG, ocupando a vacante, por renuncia, de don José Antonio Pose Rodríguez.

A Presidencia felicítalo e espera que se sinta orgulloso de formar parte do Pleno e deséxalle que o disfrute.

A voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE dálle a benvida ao Pleno.

Dona Yolanda Brocos, do BNG, di que está encantada con que forme parte do Pleno e sabe que vai achegar novas ideas e está segura de que traballarán polo ben dos veciños de Vedra o que queda de lexislatura.

O Sr. Costa Carneiro, en nome do grupo municipal do PP, reitera a benvida ao Pleno. É unha experiencia importante e un motivo de orgullo así como unha responsabilidade.

O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, dá as grazas aos membros da corporación e espera poder achegar ideas e colaborar no máximo posible.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención a Vicepresidencia e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para a execución da primeira fase de subministración eléctrica ao Parque Empresarial de Vedra (Expdte: 2022/A008/000013).

Dáse conta da Orde de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, do 27 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento IN519D) (DOG núm. 17/2022, do 26 de xaneiro).

As citadas bases teñen por obxecto a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación a fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispor de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica, fomentando así a implantación e a fixación de empresas.

De cara á execución da 1ª fase da subministración eléctrica ao Parque Empresarial de Vedra, cómpre levar a cabo unha serie de traballos por parte de UFD –Grupo Naturgy, consistentes no reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións na rede de distribución existente en servizo, necesarios para incorporar as novas instalacións, así como os traballos necesarios para a nova extensión da rede eléctrica dende a rede de distribución existente, cuxo orzamento total ascende á cantidade de 132.163,39 euros (sen IVE. Artigo 24 do R.D. 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do IVE e artigo 84.2.f) da Lei 37/1992, do IVE).

Así mesmo, por Resolución da Alcaldía núm. 154/21, de data 18 de marzo, adxudicóuselle, mediante o procedemento de contrato menor a Novotec Consultores, S.A a redacción do proxecto de subministración eléctrica ao Parque Empresarial de Vedra (Expediente:2021/C002/000003).

O concello conta coas autorizacións necesarias.

Ao abeiro da citada orde, proponse ao Pleno:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico denominado “*Proyecto de ejecución de la 1ª fase de suministro eléctrico en M.T. al Parque Empresarial de Vedra (A Coruña)*” redactado por Novotec Concultores, S.A, cun orzamento de setecentos oitenta e tres mil oitocentos seis euros con oitenta e cinco céntimos (#783.806,85#) (Sen IVE. Artigo 24 do R.D. 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do IVE e artigo 84.2.f) da Lei 37/1992, do IVE)

SEGUNDO.- Adoptar o compromiso de acometer a actuación obxecto da solicitude de axuda e solicitar unha subvención correspondente a un 80% do orzamento total subvencionable ou a subvención máxima que poida corresponder, no seu caso:

Obxecto da subvención	Importe orzamento Total (con IVE)	Importe IVE	Importe orzamento subvencionable	Importe axuda solicitada
Traballos a realizar na rede de distribución por UFD	159.917,70	27.754,31	132.163,39	105.730,71
Proxecto de execución da 1ª fase de subministración eléctrica	948.406,29	164.599,44	783.806,85	627.045,48
TOTAL	1.108.324,00	192.353,75	915.970,24	732.776,19

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que estas obras están exentas do IVE correspondente, polo que no seu momento se facturarían sen IVE. Unión Fenosa xa mandou o luns o orzamento sen o importe do IVE. O importe do orzamento subvencionable son 132.163,39 €.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, confía en que os números estean ben, pero pon en cuestión o orzamento que se fixo no seu momento en abril do ano pasado, debido ao aumento dos custes da subministración. O seu grupo vai votar a favor e cre que queda moito tempo para que bote a andar o proxecto do parque empresarial.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que votarán a favor porque é para ben dos veciños que forman parte deste proxecto.

Seguen dándolle voltas a un polígono que leva máis de doce anos e aínda está sen desenvolver e ten dúbidas de que se chegue a desenvolver.

Solicita un informe de canto leva investido o concello neste proxecto, incluídos a realización de todos estes proxectos. Cre que hai veciños que xa están un pouco cansados de poñer cartos e non recibir nada.

Estes esforzos no polígono na última etapa antes dunhas eleccións sempre son importantes, sobre todo porque en cada programa electoral o PP vai prometendo que se vai levar a cabo o polígono, e segue estando parado.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.



4º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz/a de Paz Titular de Vedra. (Expdte: 2022/E001/000002).

Vista a comunicación remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interesando o inicio de expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Titular de Vedra, vacante por renuncia de dona María Suárez García.

Visto que de acordo cos artigos 99 e 103 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e o Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, por Resolución da Alcaldía núm. 188/22, de data 29 de marzo, aprobouse a convocatoria da citada praza, publicándose con data 01 de abril no BOP núm. 63/22, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica (<https://sede.vedra.es>), presentándose dous candidatos, segundo certificación que consta no expediente (Expdte: número 2022/E001/000002).

O Grupo Municipal do PP propón a don Adolfo Otero López por ser residente no municipio, ter coñecemento da realidade social e a integración no mesmo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se van ter que seguir compartindo o Xuíz de Paz con Teo. Apoian a proposta do grupo de goberno polos mesmos motivos, non como a vez anterior na que foi unha decisión do Alcalde e agora vense nunha nova elección de Xuíz de Paz un ano despois.
Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo vai votar a favor, porque é unha persoa que reside no concello e é unha persoa que coñecen e ten tempo para desenvolver o seu cargo, circunstancia importante; non como na elección anterior na que non podía compaxinar o seu traballo co cargo de Xuíza de Paz.
O que no seu momento manifestaran os grupos da oposición tiña toda a razón de ser.

A Presidencia agradece o voto a favor.

Quere defender o labor da anterior Xuíza de Paz. Tiveron discrepancias co TSXG en relación ao que requirían e esta persoa non podía facer.

Na democracia existe unha separación de poderes e isto depende do poder xudicial e é o TSXG quen marca as directrices. O feito de que teña que ir substituír ao Xuíz de Paz de Teo non depende do concello, nin dunha decisión administrativa ou do poder executivo; depende única e exclusivamente dunha decisión do TSXG.

Está convencido de que Adolfo vai estar moitos anos como Xuíz de Paz e o seu labor vai ser satisfactorio.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, entende que o problema non é que o reclamen de Teo; o problema é que se ten que estar martes e xoves de 10:00 a 14:00 horas no xulgado, a persoa que estaba antes non cumpría esas horas. Tiña esa limitación por mor do seu traballo, e pregunta se a Presidencia sabía da mesma coando foi proposta para o cargo.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda designar como Xuíz de Paz Titular de Vedra a Don Adolfo Otero López.



5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a en que punto está o expediente que se abriu xa hai tempo sobre a urbanización errada en San Xián, a Presidencia di que é un expediente complexo, no que resultan imposibles as notificacións aos que figuran presuntamente como titulares propietarios. É certo que nestes anos de COVID estivo parado o expediente e retomouse nestes días.

No seu momento declarouse a caducidade das licenzas e iniciouse un expediente de reposición da legalidade, pero quedou parado.

Comezarán de novo co procedemento que acabará coa imposición de multas ata que executen ou a execución subsidiaria do concello, o cal tamén é un tema a debater.

É un tema complexo porque ninguén recolle as notificacións oficiais que se fan á dirección oficial de Madrid.

Teñen que pagar o IBI correspondente, e non o fan. Entón a Deputación, chegado o momento, executou, embargou e poxou. Ao final trasladoulle ao concello a propiedade dunha das parcelas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se a Deputación atopou a quen notificar.

A Presidencia responde que non, que non atoparon a ninguén.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás axudas ao transporte e ao ensino do concello de se hai forma de que teña acceso a elas esa xente xa que sobrou crédito, a Presidencia di que realmente este ano non, porque as bases non contemplaban esa situación. Xuridicamente non existe unha lista de agarda. Rexeitáronse aquelas solicitudes porque superaban o crédito.

É unha situación nova e están mirando de cara o curso que vén se se pode mellorar nese aspecto. É unha cuestión de tipo legal.

Se os técnicos municipais avalan iso non hai ningún problema en facelo e introducilo nas bases de cara ao futuro.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre como está o tema do centro de día, a Presidencia di que presentaron unha solicitude de axuda á Xunta de Galicia a nome do concello de Vedra, pola situación física do centro.

Esperarán ao resultado da solicitude e convocarán a comisión de seguimento dos dous concellos para ver como está o tema.

2º.- Respecto a cantas hectáreas novas de viñado se estaban plantando en Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a día de hoxe, entre as grandes empresas que se instalaron no concello, que son basicamente 4, e sumando as hectáreas que teñen os particulares, a grosso modo son unhas 250 hectáreas.

En previsión para os próximos dous anos, fálase de 150 hectáreas a maiores.

6º.- Rogos e preguntas.



--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta se as obras que se están levando a cabo en Pazo Galegos contan coa licenza pertinente e se axustan á mesma.

2º.- Solicita a listaxe das persoas ás que se lle vai estabilizar o emprego. Queren saber a que persoas lle afecta e como se denomina a praza.

A Presidencia resposta que son postos e que xa está publicado no BOP.

3º.- Denuncia a falta de limpeza das cunetas e espazos públicos como o de Cubelas. Pregunta porque non se roza o que é necesario, se é por falta de persoal e se teñen pensado reforzar o servizo.

4º.- Pregunta se o Sergas vai cubrir as vacacións dos médicos e pediatra do centro de saúde de Vedra.

5º.- Pregunta que sucede co streaming, porque segue sen funcionar.

6º.- No día de hoxe o Delegado do Goberno visitou o concello de Vedra. Pregunta se dende o concello se lle fixo algunha petición.

A Presidencia di que foi unha reunión cordial e satisfactoria e que tamén se lle fixeron peticións.

--O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta como está o tema das bases das escorrentías de Vilanova, cando se van empezar a executar.

2º.- Pregunta cando van comezar as obras na escola unitaria de San Fins, quen as vai realizar e cal é o custe de cada unha delas.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Incide no tema da aula Cemit. Pregunta se se vai abrir, se van realizar cursos de informática para adultos e nenos. Hai meses o concelleiro responsable dixo que xa estaban mirando o profesorado, que xa falaran con Amtega, pero aínda non saben nin se fíxo nada.

2º.- Pregunta cando van comezar coa expropiación de San Xián.

Tamén quere darlle as grazas á xente do Consello Comarcal do BNG e ao Deputado Provincial que viñeron en representación do BNG para a toma de posesión de David Brocos como concelleiro.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.